



ASUNTO: INFORME SOLICITADO POLO GRUPO PROVINCIAL DA MAREA ATLÁNTICA CON RESPECTO AO DESTINO DOS FONDOS RECIBIDOS EN CONCEPTO DE ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS (BASE 63 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, ENGADIDA NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2015)

DESTINO: SR. PRESIDENTE E GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN.

Dándolle cumprimento ao ordenado polo Sr. Presidente na resolución 2015/24.826, de 11 de novembro, e consonte ao disposto no artigo 54.1 a) do Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de réxime local (R.D. lexislativo 781/1986, de 18 de abril), emítese conxuntamente pola Secretaría e Intervención o informe solicitado polo Grupo Provincial da Marea Atlántica, consonte aos seguintes apartados.

I. ANTECEDENTES.

- Informe do Secretario xeral sobre a formación de grupos políticos na Deputación provincial tras a súa constitución o día 16 de xullo de 2015, con data de 22 de xullo de 2015.
- Informe emitido polo Viceinterventor e conformado polo Interventor xeral sobre a proposta de acordo plenario sobre asignación aos grupos políticos provinciais, asinado do día 31 de xullo de 2015.
- Proposta de regulamento da asignación aos grupos políticos provinciais nas Bases de Execución dos Orzamentos do exercicio 2015, asinada polo Presidente o día 30 de setembro de 2015.
- Proposta de expediente de modificación de créditos número 4/2015 e de modificación das Bases de execución do Orzamento, asinada polo Presidente o día 1 de outubro de 2015.
- Informe emitido polo Viceinterventor e conformado polo Interventor xeral con respecto ao regulamento nas bases de execución do Orzamento 2015 das asignación aos grupos políticos provinciais, asinado o día 1 de outubro de 2015.



Aínda que non forma parte do expediente, tamén se tomou coma antecedente o informe nº 2014/03, emitido polo Xefe do Servizo de Asistencia Económica a municipios, a solicitude do Sr. Alcalde do Concello de Vimianzo, sobre a xustificación das asignación aos grupos municipais, asinado con data de 11 de abril de 2014.

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime local (LRBRL)
- Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, de 28 de novembro (ROF)
- Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 11/99, de modificación da Lei 7/85, de Bases de Réxime local.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Regulamento do Congreso dos Deputados, aprobado polo Pleno da Cámara e publicado no Boletín Oficial do Estado o 5 de marzo de 1982.
- Lei orgánica 8/2007, de 4 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos.
- Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

III. CONSIDERACIÓNS.

PRIMEIRA.- A regulación das dotacións aos grupos políticos, con destino ao seu funcionamento, pola Lei 11/99.

As asignacións aos grupos políticos constituídos no seo do Congreso dos Deputados e do Senado, así coma nos parlamentos autonómicos, non tiveron unha regulación semellante para as corporacións locais na redacción orixinaria da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local (LRBRL), posto que este texto legal non facía regulación ningunha do grupo político, limitándose no artigo 73.4 a dicir que os membros das corporacións locais, unha vez que tomasen posesión do seu cargo, podían gozar dos honores, prerrogativas e distincións que lles recoñecese a lexislación do Estado ou da comunidade autónoma respectiva.



Con estrito respecto á disposición con rango de Lei, o desenvolvemento regulamentario dos grupos políticos, da forma de constitución e funcionamento, foi someramente establecido nos artigos 22 e seguintes do ROF, mesmo deixando certa marxe e sen esgotar a materia, de xeito que a lexislación propia de cada comunidade autónoma e os regulamentos orgánicos de cada corporación poidesen desenvolver polo miúdo o asunto, establecendo disposicións adicionais e complementarias sobre o mínimo previsto na lexislación básica.

Xa no ano 1995, a Lei de Administración local de Galicia, dentro do capítulo III do Título I referido á organización municipal, contén unha sección adicada á regulación dos grupos políticos municipais, establecendo nos artigos 74 e seguintes nos artigos 72 e seguintes, establece un número mínimo de dous concelleiros para formar e establece a prohibición de cambiar de grupo nun mesmo mandato, pero para nada fai referencia ningunha as asignacións económicas para o grupo político. Dita lei non contén ningunha disposición para regular os grupos políticos constituídos nas deputacións provinciais.

A introdución das asignacións políticas aos grupos foi realizada pola Lei 11/99, pola que se introduce na redacción orixinaria da Lei 7/85 as bases consensuadas do pacto local acadado entre o Ministerio de Administracións Públicas e a FEMP. No tocante ao tema que nos ocupa, a Exposición de Motivos de dita Lei establece:

"Por su parte, con el nuevo apartado 3 del artículo 73 se pretende una mención expresa en la Ley de Bases a que la actuación corporativa de los miembros de las Corporaciones locales se realice a través de los grupos políticos, con la posibilidad de dotación económica para su funcionamiento siguiendo una regulación similar a la que se contempla en el Reglamento del Congreso de los Diputados para sus grupos políticos".

Efectivamente, xa desde a súa aprobación, o Regulamento do Congreso dos Deputados aprobado por esta Cámara en 1982, contén no seu artigo 28 unha mínima regulación desta materia, dispoñendo textualmente:



Artículo 28

1. El Congreso pondrá a disposición de los Grupos Parlamentarios, locales y medios materiales suficientes y les asignará, con cargo a su Presupuesto, una subvención fija idéntica para todos y otra variable en función del número de Diputados de cada uno de ellos. Las cuantías se fijarán por la Mesa de la Cámara dentro de los límites de la correspondiente consignación presupuestaria.

2. Los Grupos Parlamentarios deberán llevar una contabilidad específica de la subvención a que se refiere el apartado anterior, que pondrán a disposición de la Mesa del Congreso siempre que ésta lo pida.

Da pura literalidade da norma non se deduce que estas subvencións estean afectadas a un fin específico, pero si se pode inducir que pretenden a cobertura dos gastos asociados ao funcionamento dos grupos, ao regularse no mesmo precepto no que se impón á institución a obriga de pór á disposición dos grupos locais e medios materiais suficientes.

Ben é certo que non hai ningunha outra norma de desenvolvemento do artigo e simplemente hai un acordo polo que se tarifican as contías fixas e variables (28.597,08 € mensuais para cada grupo e unha subvención variable de 1.645,49 € mensuais por deputado, segundo a información que consta no Portal de Transparencia da institución). Tampouco se atopou información ningunha con respecto á xustificación destas subvencións, nin no Portal de Transparencia do Congreso nin tampouco na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es), onde tampouco hai un desenvolvemento máis polo miúdo deste asunto.

Con este antecedente normativo, xa que logo, e cunha aparente intención traslativa -que se albisca nunha redacción moi similar-, esténdese ao ámbito local a posibilidade destas dotacións económicas aos grupos políticos, determinándose na Exposición de motivos da Lei 11/99 este destino ou finalidade das asignacións asociadas aos gastos de funcionamento do grupo, isto é, o financiamento do gasto xerado para o desenvolvemento das súas funcións coma grupo político, ente distinto da formación política á que se pertence, aínda que careza de personalidade xurídica. Claro está que, a exposición de motivos dunha lei, en si mesmo non ten carácter normativo nin é unha fonte directa de creación do dereito, pero si serve para o labor interpretativo dos operadores xurídicos que a teñen que aplicar, dilucidando a súa interpretación teleolóxica, isto é, atendendo ao seu espírito e finalidade (artigo 3.1 do Código Civil).



E coma xa é ben coñecido, este novo apartado 3 do artigo 73 acolle a regulación das achegas aos grupos políticos, determinándose que lle corresponde ao Pleno da Corporación a fixación da súa contía, debendo ter unha contía fixa, idéntica para todos os grupos, e unha dotación variable en función do número de membros de cada grupo.

No tocante ao destino destas dotacións, neste apartado normativo só se fan dúas delimitacións de carácter negativo, ao prohibirse a súa utilización para o pago de remuneracións do persoal ao servizo da Corporación e para a adquisición de activos fixos de carácter patrimonial.

Polo que respecta ao seu control, a Lei comentada establece a obriga de que os grupos políticos leven unha contabilidade específica da xestión destes fondos, que deberán presentar perante o Pleno cando este o determine.

Tratándose de fondos públicos que deberán contar coa correspondente dotación orzamentaria no Presuposto de cada Corporación, o lexislador non estableceu ningunha excepcionalidade ao seu control, esixindo asemade neste caso unha contabilidade específica baixo a responsabilidade do grupo. En tódolos demais aspectos de xestión orzamentaria, hai que entender que a súa aplicación ten que respectar todas as disposicións normativas contidas na regulación económica das corporacións locais, entre elas, o sometemento ao control interno da Intervención, dado que na aplicación dos fondos públicos locais non hai ningún ámbito de reserva ou opacidade. Así resulta do disposto no artigo 214 do TRLRFL, no que se dispón literalmente:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

Desta redacción resulta, polo tanto, que todos os actos de recoñecemento de obrigas están suxeitos á fiscalización, así como a aplicación dos fondos públicos resultantes; e, máis en concreto, o apartado d) refírese especificamente a aplicación das subvencións.



En definitiva, nesta parca regulación legal, aparte da aclaración introducida pola Lei 57/2003 con respecto aos dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos, que non poderán ser superiores aos que lle corresponderan no grupo de procedencia (limitación non aplicábel as candidaturas en coalición, cando un partido decida abandonala), non se prevé nin tampouco se albisca máis interpretación posible, quedando así aberta ao desenvolvemento que poidan facer as comunidades autónomas e, como non, a propia potestade regulamentaria de cada corporación local, manifestación clara da súa autonomía. Sobre esta posibilidade, volverase na consideración terceira, logo de analizar a incidencia nesta materia da normativa reguladora do financiamento dos partidos políticos.

SEGUNDA.- As dotacións aos grupos políticos coma recurso ou fonte de financiamento dos Partidos Políticos e o seu destino á compensación de gastos de funcionamento do grupos.

Sobre a normativa establecida tanto no ámbito estatal coma no local para a regulación das dotacións aos grupos políticos, introducida no ano 1999, veu a incidir a Lei orgánica 8/2007, de 4 de xullo, de financiamento dos Partidos Políticos, pois ao enumerar as fontes públicas de recursos dos partidos, cita as aportacións que no seu caso os partidos poidan recibir dos grupos parlamentarios e ***"dos grupos de representantes nos órganos das Administracións locais"*** Sobre esta posibilidade, a Lei orgánica non dispón nada máis, séndolle de aplicación a estas posibles achegas o réxime de control e contabilización que se establece nos artigos 14 e seguintes da devandita Lei orgánica.



No tocante á forma de contabilización destas aportacións polos partidos políticos, resulta efectivamente da aplicación –tal como explica o deputado consultante no seu escrito- o Plan de Contabilidade dos Partidos Políticos aprobado por Resolución da Presidencia do Tribunal de Cuentas de 8 de outubro de 2013; en concreto, os ingresos percibidos dos grupos políticos deberán ser asentados mediante un abono á conta 702 (Aportacións de grupos institucionais). Precisamente, resulta moi esclarecedora a definición desta conta que figura na Parte quinta do Plan, ao explicar que estas aportacións recibidas dos grupos políticos dos parlamentos e das corporacións locais serven para financiar gastos ordinarios de funcionamento. E, ao estaren asociados a ditos gastos, deberán imputarse á conta de resultados de xeito correlacionado a aqueles (Norma de valoración 15, apartado 3b).



Resulta asemade significativo, que en todo o Plan de contabilidade dos Partidos Políticos hai unha distinción clara entre o partido suxeito da contabilidade e os grupos institucionais, aos que se lles recoñece autonomía económica, aínda existindo unha clara vinculación, tal como dispón a Norma 11ª.4 da Terceira parte do Plan (Partes vinculadas). Esta distinción está moi remarcada nun informe emitido pola Dirección xeral de cooperación local sobre este asunto no ano 2008 (Revista El consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, nº 10, Referencia 1798/2008), na que insiste que a LBRL concibe aos grupos políticos como entes distintos dos partidos, pois mesmo existe a posibilidade dun grupo mixto formado por varios partidos).

De acordo coas normas comentadas anteriormente, debe admitirse, xa que logo, a posibilidade de que unha parte dos gastos de funcionamento dun grupo político poidan ser asumidos en orixe pola formación (ou formacións políticas, no seu caso) de procedencia do grupo. Cando isto ocorra, as achegas realizadas polo grupo a prol da formación ou partido político só poderán ter como destino a compensación de ditos gastos de funcionamento, sempre que estea debidamente acreditado o devengo e correcta xustificación dos mesmos.

Sendo así as cousas, no marco desta interpretación finalista das transferencias do grupo ao partido respectivo, non debe ser óbice ningún a circunstancia de que o gasto estea documentado nunha factura ou documento con eficacia equivalente no que sexa o partido o destinatario da operación, sempre que dito documento, expedido con pleno respecto a normativa contable e fiscal, sexa complementado cun informe explicativo de reparto de custos, no que se detalle a parte de custo foi ocasionado pola actividade de funcionamento do grupo, aténdose para realizar esta distribución a principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas.



Esta interpretación ven corroborada polos razoamentos recollidos na sentenza 18/2011 do Tribunal de Contas (procedemento de reintegro por alcance A-84, ramo de corporacións locais, concello de Totana-Murcia), cando no Fundamento xurídico undécimo mantén o criterio da conselleira que tiña resolto o asunto en primeira instancia, entendendo que determinadas transferencias dun grupo municipal ao partido I.U.R. estaban debidamente xustificadas, ao ter como destino un gasto consistente na contratación e remuneración dunha persoa a través do grupo municipal. Precisamente, dita xustificación foi admitida ao encaixar no concepto de gastos de funcionamento do grupo municipal, excluindo outras pretendidas xustificacións que non se atían a esta finalidade.



É certo que os feitos que se enxuízaron no caso que se está a comentar son anteriores á Lei 11/99 e que as subvencións concedidas polo Concello de Totana tiñan o seu abeiro legal na Lei 6/88, de 25 de agosto, de Réxime local de Murcia, cuxo artigo 28.2º explicita literalmente que as asignacións económicas son para gastos de funcionamento; pero, logo de aceptada esta afectación tamén para a regulación contida na Lei 11/99 nunha interpretación teleolóxica fundamentada na súa Exposición de motivos –segundo se explicou anteriormente- o razoamento resulta plenamente aplicábel, para admitir os xustificantes de gasto que teñan como destinatario un partido político, sempre que teñan a súa causa nunha prestación realizada a prol do grupo provincial respectivo.

Tamén sobre o efecto que sobre a regulación contida na LBRL produciu a Lei orgánica de financiamento dos Partidos Políticos, o informe emitido pola Dirección xeral de cooperación local anteriormente citado vén mantendo a posibilidade de realizar aportación aos partidos políticos con cargo ás dotación aos grupos políticos respectivos, ao abeiro da previsión contida no artigo 2.1 da Lei orgánica de financiamento dos partidos políticos, debendo cada entidade local determinar na súa normativa propia os criterios de asignación e os posibles usos. Agora ben, non admite dito informe que as asignacións poidan ser ingresadas directamente na conta dos partidos ou coalicións, dado que teñen que ser os grupos os que reciban os fondos e, no seu caso, con cargo aos mesmos realicen as posibles aportación aos seus partidos, para atender aos gastos de funcionamento do grupo, devengados en orixe polo partido político.

No reforzo da argumentación exposta ata o de agora, tamén se pode invocar, aínda que sexa analóxicamente, a Lei galega de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas delas (Lei 9/2015, do 7 de agosto), que vén de ser aprobada en datas recentes polo Parlamento de Galicia. Ben é certo que non contén regulación ningunha das asignacións aos grupos políticos, pero no seu articulado distingue perfectamente as subvencións para gastos electorais das subvencións para gastos de funcionamento do partido (capítulo III da Lei). E, con respecto a estas segundas, xa na Exposición de motivos se cita a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xullo de 1989, na que se di que a verdadeira filosofía destas subvencións é a de manter ou coadxuvar ao mantemento dunha estrutura cuxo funcionamento sexa efectivo. Por iso, os partidos e formacións políticas terán que presentar unha memoria detallada e documentada dos seus gastos de funcionamento no ámbito autonómico.



Só mediante a presentación de dita memoria, -segue a dicir a Exposición de motivos comentada- poden fixarse unhas esixencias mínimas que garantan o destino das subvencións á finalidade prevista nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cumpríndose asemade co principio de legalidade orzamentaria. Polo tanto, estase a reiterar un principio común a tódalas subvencións, aínda que vaian destinadas a fins xenéricos e non concretos, que é o de estaren sempre asociadas ao financiamento dun gasto que, no caso concreto que nos ocupa, ten que ser o funcionamento e participación efectiva dos grupos políticos constituídos na actividade desta Deputación.

TERCEIRA.- A Base 63ª das de Execución do Orzamento: expresión da autonomía e da potestade regulamentaria da Corporación.

Unha vez analizada a lexislación que, con carácter xeral e uniforme para todas as corporacións locais, regula esta materia das asignacións aos grupos políticos, cómpre centrarse na regulación propia que vén de aprobar o Pleno da Corporación a través do expediente de modificación orzamentaria 4/2015, polo que se introduce a Base 63ª das de Execución do Orzamento.

Dado que as corporacións locais non teñen potestade de emanar normas con rango de lei, a súa potestade normativa exercecese con respecto ao principio de xerarquía normativa contido no artigo 9.3 da Constitución, mediante a aprobación de ordenanzas e regulamentos. E, no ámbito concreto da xestión do gasto público, sen prexuízo de aprobar un regulamento de xestión orzamentaria que teña vixencia indefinida no tempo, as normas para a xestión de gastos e ingresos do exercicio incorpóranse no propio orzamento a través das súas Bases de execución. Tal é a previsión contida no artigo 165 do TRLFL, así coma no artigo 9 do R.D. 500/90, do 20 de abril, de xeito que as bases expresan a manifestación da potestade regulamentaria no ámbito orzamentario, adaptando as disposicións de carácter xeral ás circunstancias de organización e funcionamento da propia entidade.



Xa que logo, nesta materia, a Corporación provincial, no marco da súa autonomía, exerce a potestade regulamentaria a través da Base comentada, establecendo algunhas prevencións adicionais sobre a parca regulación contida nas normas con rango de Lei, con dúas claras finalidades: control e transparencia na asignación dos fondos públicos a prol dos grupos políticos provinciais. Por iso, entre outros detalles, establécese a tipoloxía de gastos de funcionamento que se poden financiar con cargo a estas dotacións, delimitase o concepto de activos de carácter patrimonial para que quede mellor clarexada a prohibición legal de darlle aos fondos tal destino, e introdúcense normas procedimentais e de contabilidade específicas para o control dos fondos.

De especial interese nesta regulación autónoma é a dobre prohibición contida no apartado 6 da Base, ao establecerse a incompatibilidade desta asignación con outro financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na corporación provincial.

É ao respecto destas limitacións establecidas no apartado 6, sobre as que o deputado consultante formula toda a súa argumentación no corpo do escrito presentado, entendendo que o mesmo non se axusta á normativa vixente (apartado TERCEIRO de dito escrito), apoiándose especialmente na Lei orgánica de financiamento dos partidos políticos e mesmo na adaptación da normativa contable e do Plan de contas ás formacións políticas, norma que obviamente non lle resulta vinculante nin aplicable ás corporacións locais, pero sí se pode utilizar a efectos interpretativos, tal como se fixo anteriormente na consideración segunda deste informe.



Pois ben, logo de analizar tal argumentación, os funcionarios asinantes entenden que sí se respecta a normativa vixente, sempre que se faga unha interpretación de dito apartado consonte aos seus propios termos, seguindo o vello aforismo do Dereito Romano, "*Favorabilia sunt amplianda, odiosa sunt restringenda*", tal como se explica de seguido.



A través das asignacións aos grupos políticos provinciais, na regulación aprobada inicialmente, tal como se vén explicando no corpo deste informe, parece que a Deputación non outorga un financiamento incondicionado aos partidos políticos con representación no Pleno da Corporación, senón que só se pretende o financiamento dos gastos de funcionamento dos grupos políticos constituídos ao abeiro dos artigos 22 e seguintes do ROF e do Regulamento orgánico da propia Corporación. Polo tanto, prohíbense as transferencias incondicionadas aos partidos, pero non as pagadas para compensar ou financiar un gasto ocasionado pola actividade do grupo e soportado en orixe polo partido respectivo, tal como se expuxo no apartado anterior, unha vez acreditada a realidade do gasto efectivo co documento xustificativo correspondente (factura ou documento equivalente) e a relación obxectiva e directa do mesmo coa actividade do grupo respectivo, a través da correspondente memoria detallada e documentada.

É nesta interpretación onde cobra pleno sentido a incompatibilidade destas asignacións con outro financiamento público ou privado para a mesma finalidade, pois sendo o seu fin determinados custos, unha vez cubertos os mesmos, xeraría un remanente que perdería a finalidade para a que foi dotado. Neste sentido, resulta tamén de moito esclarecemento a fixación desta incompatibilidade para as subvencións recibidas polos partidos políticos en función dos escaños e votos obtidos, contida tanto na Lei orgánica de financiamento de partidos políticos (artigo 3.4) coma na recente lei galega 9/2015 reguladora desta mesma materia (artigo 34).

IV. CONCLUSIÓN.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostas, emítense as seguintes conclusións:



PRIMEIRA: As achegas que se van a facer aos grupos políticos desta Corporación, ao abeiro do disposto no artigo 73.3 da LBRL e na propia regulación establecida na Base 63ª das de Execución do Orzamento, teñen coma destino o financiamento dos gastos de funcionamento dos grupos políticos provinciais, de maneira que a natureza económica de cada un dos gastos realizados deberá acomodarse a calquera dos conceptos enumerados no apartado 8 da citada Base, consonte á regulación da clasificación económica dos gastos das corporacións locais establecido na Orde ministerial EHA/3565/2008, modificada pola HAP/419/2014 (estructura dos orzamentos das entidades locais).



SEGUNDA: Da previsión contida no artigo 2 da LOFPP, dedúcese que resulta legalmente posible que unha parte dos gastos de funcionamento dun grupo poidan ser asumidos en orixe polo partido político respectivo, se resultase ser esta formación a que contrata os bens ou servizos necesarios cos terceiros provedores e recibe a factura correspondente, para que logo lle poida imputar o custo ao grupo político na parte que xustificadamente lle corresponda, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, na medida que dito custo se corresponda coa actividade realizada polo grupo político. Para os efectos da súa xustificación deberase achegar copia compulsada do xustificante de gasto e do pagamento, así coma informe-memoria do membro responsable da contabilidade do grupo, ou do responsable da contabilidade do partido, explicando a relación do devengo de dito gasto coa actividade do grupo e o criterio de imputación de custos establecido.

TERCEIRA: Na correcta interpretación do apartado 6 da Base 63ª, as asignacións aos grupos políticos non poden destinarse a un financiamento incondicionado dos partidos políticos respectivos. Os gastos devengados polo partido político e imputados como custo do grupo provincial respectivo non poderán ter outra fonte de financiamento distinta na parte financiada con cargo as aportacións recibidas da Deputación, de xeito que o partido non poderá destinar os fondos recibidos da Deputación para outra finalidade distinta que non sexan os gastos de funcionamento do Grupo provincial asumidos polo partido político. No tocante á contabilidade e control dos gastos polos partidos políticos, deberán cumprir estrictamente co disposto nos artigos 14 e seguintes da Lei orgánica de financiamento de partidos políticos, correspondéndolle en exclusiva ao Tribunal de Contas a súa fiscalización; sen prexuízo desta competencia exclusiva sobre a fiscalización do partido, os grupos provinciais, na súa condición de perceptores directos destas dotacións, están sometidos coma contadantes ante o Consello de Contas de Galicia, tal como dispón o artigo 2.2.a) da súa Lei reguladora (Lei 6/1985, de 24 de xuño).



**Deputación
DA CORUÑA**

Este é o noso informe, que emitimos no exercicio das funcións públicas reservadas á Secretaría e Intervención e, dándolle así cumprimento ao ordeado polo Sr. Presidente e coa finalidade de darlle resposta á solicitude presentada polo representante do Grupo provincial da Marea Atlántica.

Agás mellor criterio axustado á Dereito que poidan establecer nun futuro os órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas.

A Coruña, 12 de novembro de 2015.

O SECRETARIO XERAL,


José Luis Almué Supervía.

O INTERVENTOR XERAL,


José Manuel Pardellas Rivera.

Recibín o 13/11/2015

D. Daniel Díaz Grandío.

